

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de febreiro de 2023**

Ás 17.41 horas do día 16 de febreiro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Álvaro José Fernández López

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

**Deputados de Democracia Ourense:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2023.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2023.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 18 de xaneiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DO XUSTO RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL DAS MULLERES QUE VALORIZAN OURENSE.**

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, dá lectura á moción presentada.

**D.ª Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita**, comparte as verbas do Sr. Varela López, pero reserva o voto para o Pleno. Destaca que é importante facer visibles pouco a pouco os traballos das mulleres que foron moi significativas.

**D.ª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, está de acordo coas propostas do compañeiro do BNG, pero reservan o voto para enriquecer esta moción e facer propostas a maiores.

A **presidenta da comisión** considera que hai que recoñecer o labor das mulleres, pero reservan o voto para estudar as propostas do BNG.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación de Ourense acorda incoar expediente de honra á doutora Antonia Ferrín Moreiras e nomeala Filla Predilecta da provincia de Ourense a título póstumo neste ano 2023.

2º.- O Pleno da Deputación de Ourense acorda incoar expediente de honra á doutora María Crespo Leiro e outorgarlle o título de Filla Predilecta da provincia de Ourense neste ano 2023.

**3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, interésase polo funcionamento da Comisión de Patrimonio Cultural da Deputación, preguntando se hai suxestións ou instancias do patrimonio cultural de Ourense. Solicita que lle pase a relación dos expedientes iniciados.

A **presidenta da comisión** responde que conseguirá a información solicitada e lla fará chegar na seguinte comisión, xa que hoxe non está presente o presidente da mencionada comisión, que podería responder estas cuestións.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.